



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ANO 2021

Por resolución da Presidencia de data 23 de decembro de 2021, aprobouse a Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo correspondente ao ano 2021 e os criterios que rexerán nela co seguinte contido:

“Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

1. ANTECEDENTES:

Os artigos 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (L.R.B.R.L.), 204 da Lei de Emprego Público de Galicia e 128.1 do Real Decreto Lexislativo 781/86, establecen que as Entidades Locais aprobarán e publicarán, dentro d prazo dun mes desde a aprobación do Orzamento, a Oferta de Emprego Público (OEP) de conformidade cos criterios fixados pola normativa básica estatal.

O artigo 34.1. g) da Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL, sinala que lle corresponde ao presidente da Deputación aprobar a Oferta de Emprego Público de acordo co Orzamento e o Cadro de Persoal aprobados polo Pleno.

O orzamento vixente desta Deputación Provincial, para o ano 2021, foi aprobado inicialmente polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 30 de novembro do 2020, quedando aprobado definitivamente, transcorrido o prazo de información pública, no que se formularan alegacións, na sesión plenaria, celebrada o 29 de decembro do 2020, sendo publicado no BOP do 30 de decembro do 2020, entrando en vigor o 1 de xaneiro do 2021; e a través daquel, os Cadros de Persoal funcionario e laboral desta Entidade, no que constan, entre outros contidos, as prazas vacantes dotadas orzamentariamente que se inclúen na proposta de Oferta de Emprego para 2021.

2. NORMATIVA ESPECÍFICA REGULADORA DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO:

O artigo 70 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), establece:

“Oferta de Emprego Público.

1. As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de Emprego Público, ou a través doutro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ate un 10 % adicional, fixando o prazo máximo para a convocatoria destes. En todo caso, a execución da Oferta de Emprego Público ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos.

2. A Oferta de Emprego Público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada no Diario Oficial correspondente.

3. A Oferta de Emprego Público ou instrumento similar poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.”

O Artigo 19 da Lei 11/2020, de 30 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, referido a Oferta de Emprego Público, contratos e nomeamentos temporais do persoal do sector público, establece:

“Un. 1. A incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público, fóra dos órganos contemplados no apartado Un. e) do artigo anterior, regularase polos criterios sinalados neste artigo e suxeitarase a unha taxa de reposición de efectivos do 110 por cen nos sectores prioritarios e do 100 por cen nos demais sectores.

As entidades locais que tivesen amortizada a súa débeda financeira ao 31 de decembro do exercicio anterior terán un 110 por cen de taxa en todos os sectores.

(...)

3. *Considéranse sectores prioritarios a efectos da taxa de reposición:*

E) *Administracións Públicas respecto do asesoramento xurídico e a xestión dos recursos públicos.*

(...)

Ñ) *Prazas de persoal que presta asistencia directa aos usuarios dos servizos sociais.*

(...)

R) *Persoal de atención aos cidadáns nos servizos públicos.*

S) *Persoal que preste servizos na área das tecnoloxías da información e as comunicacións.*

(...)

5. *En todo caso, a oferta deberá aterse ás dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I do orzamento de gastos.*

6. *Non computarán para o límite máximo de taxa:*

a) *O persoal que se incorpore en execución de ofertas de emprego público de exercicios anteriores.*

b) *As prazas que se convoquen por promoción interna.*

c) *As prazas correspondentes ao persoal declarado indefinido non fixo por sentenza xudicial.*

(...)

7. *Para calcular a taxa de reposición de efectivos a porcentaxe de taxa máximo autorizado aplicarase sobre a diferenza entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos e o número de empregados fixos que se incorporaron no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non conleven a reserva de postos de traballo. Para estes efectos, computaranse os cesamentos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo, ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa. Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas. Non computarán como cesamentos os que se produzan como consecuencia de procesos de promoción interna, salvo nos supostos de acceso por este sistema ao Corpo de Catedráticos de Universidade, nos termos previstos no artigo 62. 2 da Lei Orgánica 6/20021, do 21 de decembro, de Universidades.*

(...)

Dous. *A validez da taxa autorizada estará condicionada, de acordo co artigo 70 do EBEP:*

a) *A que as prazas se inclúan nunha Oferta de Emprego Público que deberá ser aprobada polos órganos de Goberno das Administracións Públicas e publicarse no Boletín Oficial da Provincia, da Comunidade Autónoma ou, no seu caso, do Estado, antes da finalización de cada ano.*

b) *A que a convocatoria das prazas publíquese no Diario oficial da Provincia, Comunidade Autónoma ou, no seu caso, do Estado, no prazo improrrogable de tres anos, a contar desde a data da publicación da Oferta de Emprego Público na que se inclúan as prazas.*

Como consecuencia do anterior a oferta autorizada considérase consumida unha vez celebrados os procesos selectivos correspondentes, con independencia do resultado dos devanditos procesos.

Tres. 1. *A taxa de reposición dun ou varios sectores ou colectivos prioritarios poderase acumular noutros sectores ou colectivos prioritarios. Igualmente, a taxa de reposición dos sectores non prioritarios poderá acumularse nos sectores prioritarios. As entidades locais que tivesen amortizada a súa débeda financeira ao 31 de decembro do exercicio anterior poderán acumular a súa taxa de reposición indistintamente en calquera sector.*

(...)

2. *Non se autoriza a cesión de taxa de reposición das Administracións Públicas ás súas sociedades mercantís públicas, entidades públicas empresariais, fundacións e consorcios.*

(...)

Sete. *Os apartados uno a catro deste artigo teñen carácter básico e dítanse ao amparo dos artigos 149.1.13.ª e 156.1 da Constitución”.*

O Real Decreto-Lei 14/2021, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, no seu Artigo 2. Procesos de estabilización de emprego temporal, establece:

“1. Adicionalmente ao establecido nos artigos 19.un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, e 19.un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, autorízase unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas de

natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, persoais ou outra forma de organización de recursos humanos que estean contempladas nas distintas Administracións Públicas e estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.

2. As ofertas de emprego que articulen os procesos de estabilización contemplados no apartado 1, así como o novo proceso de estabilización, deberán aprobarse e publicarse nos respectivos diarios oficiais antes de 31 de decembro de 2021 e serán coordinados polas Administracións Públicas competentes.

A publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes de 31 de decembro de 2022.

A resolución destes procesos selectivos deberá finalizar antes de 31 de decembro de 2024.

3. A taxa de cobertura temporal deberá situarse por baixo do oito por cento das prazas estruturais.

4. A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantizará o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, poderá ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración Xeral do Estado, comunidades autónomas e entidades locais, podendo articularse medidas que possibiliten unha coordinación entre as diferentes Administracións Públicas no desenvolvemento dos mesmos no seo da Comisión de Coordinación do Emprego Público.

Sen prexuízo do establecido no seu caso na normativa propia de función pública de cada Administración ou a normativa específica, o sistema de selección será o de concurso-oposición, cunha valoración na fase de concurso dun corenta por cento da puntuación total, na que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate no marco da negociación colectiva establecida no artigo 37.1. c) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

No caso de que na normativa específica sectorial ou de cada Administración así se previu, os mecanismos de mobilidade ou de promoción interna previos de cobertura de prazas serán compatibles cos procesos de estabilización.

5. Da resolución destes procesos non poderá derivarse, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos, debendo ofertarse nestes procesos, necesariamente, prazas de natureza estrutural que se atopen desempeñadas por persoal con vinculación temporal.

6. Corresponderá unha compensación económica, equivalente a vinte días de retribucións fixas por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano, ata un máximo de doce mensualidades, para o persoal funcionario interino ou o persoal laboral temporal que, estando en activo como tal, vise finalizada a súa relación coa Administración pola non superación do proceso selectivo de estabilización.

No caso do persoal laboral temporal, dita compensación consistirá na diferenza entre o máximo de vinte días do seu salario fixo por ano de servizo, cun máximo de doce mensualidades, e a indemnización que lle correspondese percibir pola extinción do seu contrato, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano. No caso de que a citada indemnización for recoñecida en vía xudicial, procederase á compensación de cantidades.

A non participación do candidato ou candidata no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso.

7. Co fin de permitir o seguimento da oferta, as Administracións Públicas deberán certificar ao Ministerio de Facenda, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, o número de prazas ocupadas de forma temporal existente en cada un dos ámbitos afectados”.

Así mesmo o artigo 37.1 Do EBEP, sinala:

“Materias obxecto de negociación.

1.- Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada administración Pública, e co alcance legal que proceda en cada caso:

(...)

Os criterios xerais sobre ofertas de emprego público”.

O artigo 10.4 do EBEP sinala tamén:

“No suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo (existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira), as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non fora posible, na seguinte agás que se decida a súa amortización.”

3. ACORDOS DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN (MXN):

Consecuencia de todo o sinalado; analizadas as necesidades de recursos humanos desta Deputación, constátase:

Que nos Cadros de persoal funcionario e laboral desta Entidade, aprobados, con ocasión da aprobación dos Orzamentos da Deputación Provincial de Lugo, para o ano 2021, existen as prazas vacantes que seguidamente

se relacionan e na Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente os postos de traballo que se corresponden coas citadas prazas; resultando tamén que as prazas e postos a que deixamos feito referencia están dotados orzamentariamente;

Que dos antecedentes que constan no Servizo de Recursos Humanos a Taxa de Reposición de Efectivos para o ano 2021, calculada conforme ao establecido no artigo 19.Un.7 da mencionada Lei de Orzamentos Xerais para 2021 ascende a **QUINCE (15) efectivos** que non superan o límite máximo do 100% da diferenza entre o número de empregados fixos que durante o exercicio orzamentario anterior (ano 2020) deixaron de prestar servizos e o número de empregados que se tiveran incorporado no mesmo tendo en conta as altas e baixas producidas por concurso de traslados.

En cumprimento do establecido nos artigos 36.3 e 37.1 l) do EBEP procedeuse a someter á consideración da Mesa Xeral de Negociación Común (persoal funcionario e persoal laboral) da Excm. Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 10 de decembro de 2021, sendo aprobados, logo das oportunas deliberacións coas organizacións sindicais que compoñen o banco social de dito órgano de participación.

Á vista de todo o sinalado, os criterios e contido da Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo, correspondente ao ano 2021, formúlase nos seguintes termos:

1º. Criterios que rexerán na OEP:

- A OEP da Deputación conterà as prazas de persoal de novo ingreso (**quenda libre**).

- A quenda de **acceso libre incluirá o 100 % da Taxa de Reposición de Efectivos (TRE)**, conforme ao previsto no artigo 19.Un.1 da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, e inclúe un total de **QUINCE (15) prazas na Deputación Provincial**. Dentro deste criterio, inclúense ás prazas que están sendo desempeñadas en réxime de interinidade, e dentro desas a aquelas que permitan completar a totalidade de efectivos de cada unha delas, de xeito que, chegado o momento, permita convocar todas as vacantes de unha mesma praza.

- Con fundamento na habilitación que se estableceu nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado nos exercicios 2017 e 2018 (Lei 3/2017, de 25 de xuño; e Lei 6/2018, de 3 de xullo, respectivamente) que sinalaban en relación ás Ofertas de Emprego que “a articulación destes **procesos selectivos** que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrència, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, poderá ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais, podendo artellarse medidas que posibiliten unha coordinación entre as diferentes Administracións no desenvolvemento dos mesmos”, a Mesa Xeral de Negociación adoptou acordo unánime, en sesión de 17 de outubro de 2017, no sentido de que con carácter xeral o sistema selectivo que rexerá nos procesos selectivos incluídos nesta Oferta de Emprego será o de **concurso-oposición**.

Nese sentido adoptaranse as medidas necesarias para que as bases das correspondentes convocatorias se adecúen ás peculiaridades deste sistema selectivo, con respecto ao determinado nos principios contidos na norma antes citada, no Estatuto Básico do Empregado Público e na normativa que regula o acceso á función pública que resulte de aplicación.

4. **Inclúese, dentro das quince (15) prazas ofertadas, unha (1) praza polo “cupo” de reserva para persoas con discapacidade** (artigo 59.1 do EBEP), a efectos de cumprir o mandato de incluír o 7% das prazas vacantes ofertadas pola quenda de acceso libre para seren cubertas entre **persoal con discapacidade** cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

5. No non expresado nos puntos anteriores, a Administración rexerase polas normas en vigor e polos criterios que considere máis axeitados dentro das súas potestades de planificación, programación e autoorganización.

2º. Contido da OEP 2021 da Deputación Provincial:

1.PRAZAS DE ACCESO LIBRE (Taxa xeral ou ordinaria, art. 19.Un.3 LOXE 2021)

catorce (14) prazas:

1.1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO

PRAZA	Nº	POSTO	Nº
ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A OBRAS PÚBLICAS	882	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A OBRAS PÚBLICAS	1.426
DIPLOMADO/A TRABALLO SOCIAL	835	DIPLOMADO/A TRABALLO SOCIAL	1.280
PORTEIRO/A	2.160	PORTEIRO/A	630
ADMINISTRATIVO/A A.X.	2.048	ADMINISTRATIVO/A	497

PRAZA	Nº	POSTO	Nº
ADMINISTRATIVO/A A.X.	571	ADMINISTRATIVO/A	1.617
TÉCNICO/A TURISMO	892	TÉCNICO/A TURISMO	1.456
AUXILIAR A.X.	955	AUXILIAR	1.635
ATS	423	ATS	1.760

1.2 RÉXIME XURÍDICO LABORAL

PRAZA	Nº	POSTO	Nº
MAQUINISTA CONDUTOR/A - PARQUE MÓBIL	3.336	MAQUINISTA CONDUTOR/A	1.469
PEÓN/PEOA GRANXA	163	PEÓN/PEOA GRANXA	129
PEÓN/PEOA GRANXA	170	PEÓN/PEOA GRANXA	140
PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS	3.331	PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS	1.446
PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS	3.335	PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS	1.450
PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS	3.333	PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS	1.448

II. PRAZAS DE CUPO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (Artigo 59.1 EBEP):

Unha (1) praza

Réxime Xurídico Administrativo:

PRAZA	Nº	POSTO	Nº
AUXILIAR A.X.	978	AUXILIAR	1.722

III. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (Art. 2 do Real Decreto Lei 14/2021, do 6 de xullo):

III.1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO

PRAZA	Nº	POSTO	Nº
TÉCNICO/A XESTIÓN	890	TÉCNICO/A XESTIÓN	1.454
ADMINISTRATIVO/A A.X.	610	ADMINISTRATIVO/A	745
ADMINISTRATIVO/A A.X.	593	ADMINISTRATIVO/A	1.628
VIXILANTE GUÍA MUSEO	813	VIXILANTE GUÍA	1.217
VIXILANTE GUÍA MUSEO	814	VIXILANTE GUÍA	1.218
MAQUINISTA CONDUTOR/A	260	MAQUINISTA CONDUTOR/A	261

PRAZA	Nº	POSTO	Nº
MAQUINISTA CONDUTOR/A	265	MAQUINISTA CONDUTOR/A	225
MAQUINISTA CONDUTOR/A	263	MAQUINISTA CONDUTOR/A	12
MAQUINISTA CONDUTOR/A	811	MAQUINISTA CONDUTOR/A	1.215
MAQUINISTA CONDUTOR/A	551	MAQUINISTA CONDUTOR/A	613
AUXILIAR A.X.	451	AUXILIAR	363
PORTEIRO/A	138	PORTEIRO/A "A EXTINGUIR"	96
VIXILANTE	760	VIXILANTE "A EXTINGUIR"	1.126

III.2 RÉXIME XURÍDICO LABORAL

PRAZA	Nº	POSTO	Nº
MAQUINISTA-CONDUTOR/A PARQUE MÓBIL	3161	MAQUINISTA-CONDUTOR/A	351
PEÓN/PEOA GRANXA	1164	PEÓN/PEOA GRANXA	1168

Atendendo a canto antecede, propoño que pola Presidencia, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, resolva aprobar a Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021 co contido de prazas anteriormente enumeradas.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes".

O que se fai público en cumprimento do determinado no artigo 70.2 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, coa indicación de que a presente resolución é definitiva, polo que contra esta, as persoas interesadas poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a presidencia da Deputación Provincial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses dende a citada publicación, e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Pazo Provincial, 23 de decembro de 2021.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 3672

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE BECERREÁ (Expediente nº: 588/2020).

O pleno deste Concello na sesión ordinaria celebrada o día 25 de novembro de 2021, aprobou inicialmente o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Becerreá, confeccionado pola empresa SEAGA (Empresa pública de Servizos Agrarios, SA) ao abeiro do convenio ao que este concello está adherido, suscrito pola colaboración entre a Xunta de Galicia, FEGAMP e SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema de xestión da biomasa nas faixas secundarias e a súa addenda.

O citado Plan expónse ao público durante o prazo de 30 días hábiles que empezarán a computarse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como poñelo a disposición do público no Portal de Transparencia do Concello e nas dependencias da Casa Consistorial. De

presentarse reclamacións, estas serán resoltas polo pleno do Concello pero en caso contrario se considerará aprobado provisionalmente.

Becerreá, 21 de decembro de 2021.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3649

BÓVEDA

Anuncio

Aprobado definitivamente o expediente de modificación de crédito 12/2021- expediente de suplemento de crédito- dentro do vixente Orzamento por importe de 22.454,28 € (Vintedous mil catrocentos cincuenta e catro euros con vinteoito céntimos de euro), ao non presentarse ningunha reclamación no período de exposición ao público daquel (BOP nº 275, de data 30/11/2021), en aplicación do disposto no artigo 169, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, faise público resumido por capítulos:

ORZAMENTO DE GASTOS			ORZAMENTO DE INGRESOS			
APLICACIÓN ORZAMENTARIA		AUMENTO (EN EUROS)	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	AUMENTO (EN EUROS)		
Por progr.	Económica		Económica			
136	131	3.120,48	87000	22.454,28		
161	224	281,80				
161	609	9.999,49				
165	224	281,80				
165	227	2.000,00				
330	212	550,00				
920	206	2.410,93				
920	212	450,00				
920	220	600,00				
920	625	933,26				
920	626	1.526,52				
934	359	300,00				
Total.....		22.454,28			Total.....	22.454,28

Contra a aprobación definitiva do expediente administrativo de modificación de crédito 12/2021 no orzamento para o ano 2021, os interesados/as debidamente lexitimados poden interpor recurso contencioso administrativo consonte ao establecido no artigo 171 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Bóveda, 27 de decembro de 2021.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 3690

LOOURENZÁ

Anuncio

Anuncio de notificación de baja de oficio en el Padrón Municipal de Habitantes por inscripción indebida.

“Con fecha dos de marzo de dos mil veinte se dicto Resolución de la Alcaldía en la que se aprueba lo siguiente:

1º.- Declarar el inicio del procedimiento de baja de oficio de la inscripción en el Padrón Municipal de Habitantes de este Ayuntamiento, por inscripción indebida de la persona que se relaciona a continuación:

- TAOUFIK BENZARIRA CON DOCUMENTO N.º X09219875A

2º.- No siendo posible practicar la notificación a la persona interesada, se inicia un plazo de quince días, que empezará a contar desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOE, según lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones

Públicas, para que la persona interesada presente ante esta Alcaldía las alegaciones que considere oportunas respecto a su situación en el Padrón de Habitantes.

*3º.- De no presentar alegaciones en dicho plazo, y una vez recibido informe favorable del Consejo de Empadronamiento, se procederá a la **baja en el Padrón Municipal de Habitantes del Concello de Lourenzá**”.*

Lourenzá, 21 de decembro de 2021.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 3650

LUGO

Anuncio

Exposición ao público

A través do Decreto número 10623/2021 do tres de decembro, aprobouse o padrón correspondente ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondentes ao mes de novembro de 2021, que se expoñen ao público no Servizo de Servizos Sociais, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondente taxa: dende o día 17 de decembro de 2021 ata o día 17 de xaneiro de 2022 (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 3 de decembro de 2021.- Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores, Olga López Racamonde.

R. 3651

A PASTORIZA

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 20 de decembro de 2021 aprobáronse os padróns das taxas polo abastecemento de auga e por recollida de lixo e canon de saneamento do 3º trimestre do exercicio 2021.

Durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente anuncio no BOP os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación dos referidos padróns e as liquidacións incorporadas a eles poderase interpor recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A falla de pagamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuinte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 17/01/2022 ao 17/03/2022 ámbolos dous inclusive.

Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 17/01/2022. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

A Pastoriza, 20 de decembro de 2021.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 3652

RIBADEO

Anuncio

Aprobación, exposición pública do Padrón dos dereitos sobre a parada de taxis na vía pública para o exercicio 2021 e apertura do período de cobramento.

Por Decreto desta Alcaldía de data 16 de decembro de 2021, foi aprobado o seguinte Padrón de contribuíntes:

Padrón da taxa de dereitos sobre a parada de taxis na vía pública para o exercicio 2021, polo importe de setecentos oitenta e tres euros (783,00 €).

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 28 de febreiro de 2022, ambos os dous inclusive.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral de recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación, de Edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribadeo, 17 de decembro de 2021.- O Alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 3653

Anuncio

Aprobación, exposición pública do Padrón da taxa sobre Caixeiros Automáticos e Máquinas Expendedoras de Produtos para o exercicio 2021 e apertura do período de cobramento.

Por Decreto desta Alcaldía de data 16 de decembro de 2021, foi aprobado o seguinte Padrón de contribuíntes:

Padrón da taxa sobre Caixeiros Automáticos e Máquinas Expendedoras de Produtos, para o exercicio 2021, polo importe de doce mil oitenta e cinco euros (12.085,00 €).

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase así mesmo o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 1 de marzo de 2022, ambos os dous inclusive.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no regulamento xeral de recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14,2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación, de Edito de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribadeo, 17 de decembro de 2021.- O Alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 3654
